

Mércores, 3 de febreiro de 2021

Núm. 22

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
LALÍN

Presupostos e cadros de persoal

*APROBACIÓN PROVISIONAL E APERTURA DO TRÁMITE DE EXPOSICIÓN PÚBLICA DO
EXPTE. DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS-CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 1-P/2012 E
EXPTE. DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL
PARA O 2021*

ANUNCIO

O Pleno da Corporación do Concello de Lalín, en sesión ordinaria celebrada o día 29 de xaneiro de 2021, aprobou provisionalmente os seguintes expedientes:

- Expte. de modificación de créditos dentro do vixente orzamento municipal para o 2021: Expediente 237/2021 de Crédito Extraordinario número 1-P/2021.
- Expte. 239/2021 de modificación das Bases 36 e 38 das de Execución do Orzamento municipal para o 2021.

De conformidade co disposto nos artigos 169.1 e 177.2 do RD Lexislativo 2/2004 que establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, de 5 de marzo, e 20.1 e 38.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, os citados expedientes quedarán expostos ao público, no departamento de Intervención deste Concello, durante o prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte á data de inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

De non presentar reclamacións durante o período sinalado, os expedientes consideraranse definitivamente aprobados, en virtude do disposto nos artigos 169.1 e 177.2 en relación co artigo 169.1 do RD Lexislativo 2/2004 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 38.2 en relación co 20.1 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

Lalín, 29 de xaneiro de 2021
A Concelleira de Facenda
M^a Paz Pérez Asorey
Documento asinado dixitalmente

